

Os oficios de *Chuquelo*

Carlos López

Chuquelo, como can, era un completo desastre. Se alguén lanzaba un pau para que o trouxese, en lugar de ir a por el *Chuquelo* pensaba: «¡Tirou o pau ao chan! ¡As cousas han de tirarse á papeleira! ¡Desde logo este tipo é un porco!». Se alguén lanzaba un *frisby* para que o trouxese, en lugar de ir a por el *Chuquelo* pensaba: «¡Verdadeiramente, os *frisbys* tardan máis en caer que os paus!». Entón a xente xa non lanzaba nada para que *Chuquelo* llo trouxese, e marchaban. *Chuquelo* púñase triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar algúns dos ósos que gardaba, e comíaos para combater a depresión.

Todas as mañás, a *Chuquelo* mandábano ao quiosco a polo xornal. Atábanlle ao colar unha bolsa cos cartos, e nesa mesma bolsa o quiosqueiro introducía o xornal. Pero un domingo, no canto de comprar o xornal, *Chuquelo* mercou un cómic de Rin Tin Tin, o seu heroe favorito. Entón en casa rifáronlle, e *Chuquelo* púxose moi triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar algúns dos ósos que gardaba, e comíaos para combater a depresión.

Se lle ordenaban ir polas zapatillas, collíaas coa boca, e o caso é que chegaban cheas de babas. Entón rifábanlle, e *Chuquelo* púñase moi triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar algúns dos ósos que gardaba, e comíaos para combater a depresión.

Chuquelo, como can, era tal desastre que ás veces non se lembraba de onde enterrara o óso. Así que, para indicar o lugar, espetaba un letreiro no que escribira «AQUÍ ENTERREI UN ÓSO». Pero iso tiña o inconveniente de que os demais cans líano, e roubábanlle o óso. Así que mudou de estratexia. Pasou a facer un plano do lugar onde estaba enterrado o óso, de igual xeito que o pirata co tesouro. Despois enterraba o plano, e facía outro plano que indicaba onde estaba enterrado o plano que indicaba onde estaba enterrado o óso. Logo facía outro plano que indicaba onde estaba enterrado o plano que indicaba onde estaba enterrado o plano que indicaba onde estaba enterrado o óso. E así ata que xa non sabía qué plano levaba a qué plano e non daba co óso.

Nunha ocasión en que lle sucedeu iso, *Chuquelo* abateuse tanto que se tombou durante un longo anaco. Quedou durmido, e soñou que tiña unha neveira onde gardaba os ósos, e non había necesidade de enterralos.

Lamentábase da súa pésima memoria. *Chuquelo* era moi comellón, e o contrariaba enormemente non recuperar o óso. A *Chuquelo* gustaríalle ser o protagonista da historia que leu un día. A historia dicía así:

Este era un can que atopou un óso. «Gardareino para outro día», pensou. E foi enterralo. Pasado o tempo, volveu ao lugar onde enterrara o óso, e viu que

no sitio exacto brotara unha árbore que estaba cargada de ósos.

A *Chuquelo* nunca lle aconteceu nada semellante. Como can, era un completo desastre, e sentíase moi deprimido. Algunhas noites, de pura tristura, ouveáballe á lúa. E o caso é que daba uns ouveos tan desafinados que a lúa tapaba os oídos. De boa gana a lúa lle ceibaría un caldeiro de auga, pero na lúa non hai auga. E as estrelas berrábanlle:

—¡Queremos durmir!

Chuquelo sentíase un auténtico fracasado, un can inútil. Todos os cans do mundo teñen un oficio. ¿Que sería da súa vida? ¿Cal ía ser o seu futuro? «Hoxe en día é moi importante ladrar idiomas para conseguir un bo emprego», pensou. Pero *Chuquelo* non sabía ladrar idiomas. Gustaríalle ladrar en inglés cun *Bulldog* inglés, ou ladrar en alemán cun Pastor alemán, ou ladrar en chinés cun pequinés. Pero non sabía, e pensaba que non tiña cabeza para aprender. Estes pensamentos o entristecían, e cando se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Sen embargo, todos os cans do mundo teñen un oficio, e el tomou a determinación de buscar un tamén.

Probou como can de compañía. Estivo cunha avoíña que vivía soa, e esta sentíase máis soa coa compañía de *Chuquelo* que cando estaba soa. Así que o despediu. *Chuquelo* púxose triste, e cando se



ANNA CASTAGNOLI.

puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Probou de can policía. Ao principio atopaba o rastro co seu nariz negro e húmido, pero de seguida distraíase co cheiro dun polo asado nunha casa próxima, ou dunha torta acabada de saír do forno, e abandonaba o rastro. A *Chuquelo* despedírono. *Chuquelo* púxose triste, e can-

do se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Probou como can pastor. Pero as ovellas dicían: «Este acaba de chegar e xa pretende darnos ordes. ¡Faltaría máis!». E non lle facían nin caso. *Chuquelo* cría que as ovellas non o entendían. «É que elas falan en *balido* e eu falo en *ladrido*. Son idiomas diferentes», dixo para si. A

cuestión é que o pastor o despediu. *Chuquelo* púxose triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Probou como can de carreiras. Pero como estaba tan gordo de comer tantos ósos, quedaba sempre de último. A cuestión é que o despediron. *Chuquelo* púxose triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Entón probou no circo. Nada máis saíu ao centro da pista, botáronselle enriba todas as pulgas do domador de pulgas, e empezou a rañarse. E ao público non lle pareceu ningunha habelencia especial iso de rañarse, e apupárono, e o director do circo despediuno. *Chuquelo* púxose triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Entón probou como can de caza. Pero as perdices dábanlle mágoa, e avisábaas de que había preto cazadores. As perdices fuxían. Os cazadores despedírono. *Chuquelo* púxose triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Probou como can gardián. Pero era tan malo que unha vez un ladrón rouboulle o collar, así que o despediron. *Chuquelo* púxose triste, e cando se puña triste o que facía era desenterrar unha chea de ósos, e comíaos para combater a depresión.

Chuquelo dirixiuse ao descampado onde gardaba os ósos. E aconteceu que mentres desenterraba un, acertou a pasar por alí un prestixioso paleontólogo que estaba traballando nun xacemento próximo, á procura de dinosauros. Decatouse da gran pericia daquel can desenterrando ósos, e pensou que sería unha magnífica axuda no seu traballo.

E así foi como *Chuquelo* se converteu en can paleontólogo. *Chuquelo* desenterrou infinidade de ósos de dinosauro. Traballou de can paleontólogo durante moitos anos, ata que lle chegou a hora de xubilarse. Ese día o equipo de paleontólogos regaloulle un óso de prata. *Chuquelo* enterrou o óso de prata, e de cando en vez o desenterraba, e ollábao, e lembraba os bos tempos pasados.